

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 28 de febreiro de 2008 pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarias/os de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non-universitarios para cubrir prazas de asesoras/asesores nesta consellería.*

O Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por funcionarias/os públicos docentes que imparten ensinanzas en niveis non-universitarios, dispón, no seu artigo 5º, que se cubrirán en réxime de comisión de servizos, por concurso de méritos específicos entre funcionarias/os de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non-universitarios, aquelas prazas que segundo as previsións contidas no artigo 59 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, teñan por obxecto fomentar a investigación, favorecer a elaboración de proxectos que inclúan innovacións curriculares, metodolóxicas, tecnolóxicas, didácticas e de organización de centros docentes.

Na súa virtude e sobre a base da autorización expresa que figura na disposición derradeira primeira dese decreto, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

### DISPÓN:

Primeiro.-Convocar concurso de méritos específico entre funcionarias/os de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non-universitarios.

Segundo.-As prazas que se ofertan neste concurso son as que figuran no anexo I desta orde.

Terceiro.-Poderán participar nesta convocatoria as/os funcionarias/os de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non-universitarios, que se atopen en servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia no curso académico 2007-2008 e que estean en posesión do Celga 4 ou certificación equivalente.

Enténdese en situación de servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia o 31 de agosto de 2008 aquelas/aqueles docentes que desde un destino definitivo da Comunidade Autónoma de Galicia accederon a un posto docente no estranxeiro e que deben reincorporarse obrigatoriamente a esta comunidade no próximo curso académico.

Cuarto.-O prazo de presentación de instancias, que serán dirixidas ao secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, será de 20 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto.-As prazas, requisitos e funcións que ten que desenvolver o persoal seleccionado son as que se indican no anexo I, así como aquelas outras que se poi-

dan establecer en función do desenvolvemento das actividades dos servizos a que resulten adscritos.

Sexto.-Solicitudes e documentación:

1. Solicitudes.

a) As/os interesadas/os en participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude mediante instancia axustada ao modelo que se publica no anexo III desta orde.

b) A instancia, así como a documentación correspondente, poderá presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificios administrativos de San Caetano, 15771, Santiago de Compostela), nas delegacións provinciais da consellería ou en calquera das dependencias que sinala o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e dirixiranse ao secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

No caso de que se presentase a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto, para que sexa datada e selada pola/o funcionaria/o de correos antes de ser certificada.

2. Á instancia xuntarase a seguinte documentación:

a) Folla de alegación de méritos e autobarema-  
ción, axustada ao modelo que se atopará á dispo-  
sición das/os interesadas/os no enderezo electrónico  
<http://www.edu.xunta.es/>.

b) Documentación acreditativa de que se posúen os  
requerimentos exixidos para a praza que solicitan.

c) Documentación a que se refire o anexo II desta  
convocatoria, para acreditar todos os servizos e  
méritos alegados así como unha relación numerada,  
datada e asinada, dos documentos presentados  
segundo a orde que aparece no citado anexo. Aque-  
les méritos alegados e non xustificados documental-  
mente non serán tidos en conta.

d) Proxecto de traballo, referido ás funcións que  
ten que realizar, cunha extensión máxima de 20  
folios, tamaño DIN A4 a unha soa cara, a dobre  
espazo e tamaño de letra de 12 puntos.

Sétimo.-Comisión de selección:

1. Este concurso será resolto por unha ou varias  
comisións de selección formadas polos seguintes  
membros:

-Presidente: o secretario xeral da Consellería de  
Educación e Ordenación Universitaria ou persoa en  
quen delegue, en función dos distintos postos que se  
van cubrir.

-Vogais: ata un máximo de catro, coa categoría de  
subdirector/a xeral, xefe de servizo ou área da Con-  
sellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Secretaria/o: unha/un funcionaria/o da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará con voz e sen voto.

Cada un dos sindicatos da mesa sectorial docente poderá nomear unha/un representante para a asistencia ás sesións da comisión con voz e sen voto. Coa debida antelación, o nome do representante seralle comunicado ao presidente da comisión de selección.

2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles méritos e/ou proxectos de traballo que coide pertinentes.

Para a valoración dos números 1, 2, 3, 4 e 5 do baremo establecido no anexo II, a comisión de selección poderá delegar esta función nunha subcomisión formada por funcionarias/os da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Cada un dos sindicatos da mesa sectorial docente poderá nomear unha/un representante para a asistencia ás sesións da subcomisión con voz e sen voto.

3. Os membros da comisión e da subcomisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), estando cualificadas na categoría primeira.

#### Oitavo.-Proceso de selección:

O proceso de selección constará de dúas fases. Unha primeira en que se valorarán os méritos alegados e o proxecto presentado, e unha segunda en que se poderá realizar unha entrevista aos/ás aspirantes que superen a primeira fase.

#### Noveno.-Primeira fase de selección:

1. A comisión fará públicas as puntuacións provisionais asignadas a cada unha/un das/dos aspirantes, como resultado da aplicación do baremo que figura no anexo II. Estas listaxes publicaranse nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es/>.

2. As/os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren convenientes contra a listaxe provisional, dirixidas ao presidente da comisión de selección, no prazo de 10 días naturais contados a partir do seguinte ao da súa publicación, por calquera dos procedementos recollidos no punto sexto 1.b) desta orde.

3. Unha vez estudadas e resoltas as alegacións presentadas, a comisión publicará a lista definitiva das puntuacións nas epígrafes de méritos e proxecto de traballo, nos taboleiros de anuncios dos Servizos

Centrais e das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es/>.

#### Décimo.-Segunda fase de selección:

1. Todos/as os/as aspirantes que obteñan unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto poderán ser convocados pola comisión de selección á realización dunha entrevista para apreciar mellor as circunstancias que concorren neles, e que versará sobre o proxecto presentado.

2. As/os aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto e de 4 puntos na entrevista, de ser o caso, non poderán ser propostos pola comisión. Serán seleccionadas/os aquelas/aqueles aspirantes que, obtendo as puntuacións mínimas sinaladas, acaden as maiores puntuacións no total das apígrafes contidas no baremo establecido no anexo II, para a praza que solicitan.

3. No caso de producirse empates no total de puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo sucesivamente e por esta orde á maior puntuación nos números 6, 3.3, 1 e 5 do baremo.

#### Décimo primeiro.-Proposta de nomeamento.

1. A relación provisional das/os concursantes seleccionadas/os farase pública nos taboleiros de anuncios dos Servizos Centrais e das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es/>. Establecerase un prazo de dez días naturais para que as/os interesadas/os poidan efectuar as posibles reclamacións ou renuncias ás prazas adxudicadas provisionalmente.

2. Unha vez resoltas as reclamacións e admitidas as posibles renuncias a comisión remitiralle á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria a proposta de resolución desta convocatoria, xunto coa acta definitiva coa expresión das valoracións outorgadas a cada un dos candidatos, así como a relación final das persoas seleccionadas con mención do posto que se adxudicará a cada unha delas.

#### Décimo segundo.-Resolución da convocatoria.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará no DOG a resolución definitiva do concurso.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia conforme se establece na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. As/os funcionarias/os docentes que resulten seleccionadas/os por esta convocatoria quedarán adscritos aos postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2008, cesando nos seus postos con data 31 de agosto do mesmo ano, e permanecerán nestes en réxime de comisión de servizos, con reserva de posto de traballo de orixe, por un período dun ano, renovable ano a ano ata un máximo de seis, establecéndose un proceso de avaliación do exercicio da súa actividade que, no caso de ser positiva, determinará a súa continuidade.

3. De non publicarse a resolución definitiva no prazo de seis meses desde esta convocatoria, as solicitudes presentadas entenderanse desestimadas.

Décimo terceiro.-Devolución da documentación presentada.

As/os interesadas/os ou os seus representantes legais poderán retirar a documentación presentada para acreditar os méritos alegados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo de trinta días pasado un mes desde a publicación no DOG da resolución definitiva do concurso.

Décimo cuarto.-Retribucións.

Para os efectos de retribucións, en concepto de complemento específico, as/os funcionarias/os docentes que resulten seleccionados poderán percibir o complemento específico correspondente ao asesor técnico docente, segundo o establecido no anexo V dous da Orde do 16 de xaneiro de 2008 (DOG do 22 de xaneiro) pola que se ditan instrucións para a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2008.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Secretaría Xeral para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2008.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

### ANEXO I

| Denominación da praza   | Nº de prazas | Requisitos   | Destino  | Funcións  |
|---|--------------|--|--|---|
| Asesora/asesor de Espazo Europeo de Ensino Superior, financiamento universitario e calidade | 1            | Titulación universitaria.<br>Curso/s de posgrao (máster ou doutoramento).<br>Coñecementos sobre elaboración de materiais multimedia e utilización de recursos. compartidos en rede.<br>Experiencia en programación e coordinación de actividades.<br>Coñecementos da normativa e estrutura do SUG. | Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia | Deseño de informes, propostas, indicadores e documentos de traballo do ensino universitario en Galicia, nos seus aspectos normativos, pedagóxicos e organizativos, no contorno do Espazo Europeo de Ensino Superior.<br>Organización e desenvolvemento de diversas actuacións (normativa, convenios, publicacións, contratos-programa, xornadas formativas) derivadas do proceso de harmonización europea e realizar o seguimento dos resultados.<br>Tratamento de datos e realización de informes sobre financiamento universitario.<br>Establecemento de procesos internos de planificación e garantía de calidade aplicable aos servizos de orientación ao alumno, coordinación universitaria e financiamento das universidades galegas.<br>Calquera outra que lle sexa encomendada. |
| Apoio ao servizo de prevención de riscos laborais   | 1            | Titulación universitaria e acreditación de dispor de formación a nivel superior en prevención de riscos laborais (especialidades de seguranza no traballo, hixiene industrial ou ergonomía e psicoloxía aplicada)  | Secretaría Xeral   | Asesoramento e apoio na prevención de riscos laborais para o persoal dos centros educativos dependentes da consellería.   |
| Asesor/a de innovación educativa  | 1            | -Mestre ou profesor de ensino secundario   | Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa                         | Coordinar as diferentes actuacións que se realicen en materia de fomento da innovación educativa, de xeito particular as convocatorias de premios que realice a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria así como as que teñan lugar coa colaboración doutros organismos da Xunta de Galicia.<br>Impulsar o desenvolvemento de actividades de innovación educativa nos centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.<br>Coordinar a elaboración e publicación de materiais destinados ao fomento e difusión de prácticas docentes innovadoras.   |
| Asesor/a de informática en procesos de planificación e avaliación educativa.                | 1            | Amplio coñecemento de ferramentas informáticas: bases de datos relacionais, follas de cálculo...<br>Coñecemento das ferramentas e tecnoloxías empregadas na internet.  | Dirección Xeral de Ordenación e Innovación educativa                         | Participación no deseño, planificación e execución de aplicacións informáticas.<br>Participación no deseño de aplicacións web.<br>Elaboración de normativa.<br>Calquera outra que lle sexa encomendada.   |

## ANEXO II

| Conceptos   | Puntuación                                  | Total puntos máximo | Documentos xustificativos                     |
|---|---|---------------------|---|
| 1.- Antigüidade:<br>Por cada ano de servizo como funcionaria/o de carreira. Para estes efectos computaranse os servizos docentes recoñecidos segundo a Lei 70/1978; non se computarán os exixidos como requisito.   | 0,50 puntos                                 | 5 puntos            | Folla de servizos.                            |
| 2.- Méritos académicos:<br>2.1.- Polo título de doutora/doutor<br>2.2.- Titulacións de segundo ciclo: por cada licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou títulos declarados legalmente equivalentes<br>2.3.- Titulacións de primeiro ciclo: pola segunda diplomatura ou os 3 primeiros cursos dunha licenciatura   | 1 punto<br>0,5 puntos<br>0,25 puntos        | 2 puntos            | Copia compulsada das titulacións alegadas.    |
| 3.- Formación e perfeccionamento:<br>3.1.- Por cursos que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologadas polas administracións precitadas, así como os organizados polas universidades (0,10 puntos por cada 10 horas de cursos superados acreditados)<br>3.2.- Por outras actividades de formación e perfeccionamento en materia educativa, incluída a impartición de cursos<br>3.3.- Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto de asesor a que se pretende acceder | Ata 2 puntos<br>Ata 1 punto<br>Ata 3 puntos | 6 puntos            | Copia compulsada da documentación alegada.    |
| 4.- Publicacións, proxectos, innovacións técnicas:<br>4.1.- Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, de carácter xeral<br>4.2.- Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, relacionadas coa praza que se solicita (deberán conter o ISBN, agás as excepcións establecidas na lexislación vixente)   | Ata 1 punto<br>Ata 2 puntos                 | 3 puntos            | Documentación orixinal ou copia cotexada.     |
| 5.- Por cada ano de servizo en postos da Administración educativa relacionados coas funcións do posto de asesor que solicita.....   | 0,20 puntos                                 | 2 puntos            | Certificación de servizos ou nomeamento.      |
| 6.- Proxecto de traballo:<br>O proxecto de traballo, ademais dos aspectos xerais do sistema educativo e dos sinalados no punto quinto desta orde, deberán conter os obxectivos, planificación xeral, actividades, xustificación e definición a que corresponde a praza que se solicita.....<br>(puntuación mínima exixida por este punto: 4 puntos)   | Ata 6 puntos                                | Ata 6 puntos        | Orixinal, cunha extensión máxima de 20 folios |
| 7.- Entrevista sobre o proxecto presentado.<br>(puntuación mínima exixida por este punto: 4 puntos)   | Ata 6 puntos                                | Ata 6 puntos        |   |

## ANEXO III

DATOS DE IDENTIFICACIÓN  
CORPO A QUE PERTENCE

DISCIPLINA

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NOME

DNI

NRP

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

RÚA E Nº

TELÉFONO

LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL

DATOS DESTINOS

CENTRO DE DESTINO DEFINITIVO 2007/2008

LOCALIDADE

CENTRO DE DESTINO PROVISIONAL 2007/2008

LOCALIDADE

PRAZA QUE SOLICITA

## Folla de autobaremación

| <u>Concepto</u>  | <u>Puntuacións parciais</u> | <u>Total</u> |
|--|-----------------------------|--------------|
| 1. Antigüidade<br>(Máximo 5 puntos)<br>Por cada ano de funcionaria/o de carreira no corpo docente  | 0,50                        |              |
| 2. Méritos académicos<br>(Máximo 2 puntos)   |                             |              |
| 2.1. Polo título de doutora/doutor   | 1                           |              |
| 2.2. Titulacións segundo ciclo   | 0,5                         |              |
| 2.3. Titulacións primeiro ciclo  | 0,25                        |              |
| 3. Formación e perfeccionamento<br>(Máximo 6 puntos)   |                             |              |
| 3.1. Por cursos que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas (0,10 puntos por c/10 horas) | Ata 2 puntos                |              |
| 3.2. Por outras actividades de formación   | Ata 1 punto                 |              |
| 3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto que se solicita  | Ata 3 puntos                |              |
| 4. Publicacións, proxectos, innovacións técnicas<br>(Máximo 3 puntos)  |                             |              |
| 4.1. Por publicacións de carácter didáctico, de carácter xeral   | Ata 1 punto                 |              |
| 4.2. Por publicacións de carácter didáctico relacionadas co posto que solicita   | Ata 2 puntos                |              |
| 5. Servizos relacionados co posto<br>(Máximo 2 puntos)<br>Por cada ano de servizo en postos da Administración educativa relacionados coas funcións do posto que solicita       | 0,20                        |              |

*Orde do 3 de marzo 2008 pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarias/os de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non-universitarios para cubrir postos de profesoras/profesores en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.*

O Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por funcionarias/os públicos docentes que imparten ensinanzas de niveis non-universitarios prevé, no seu artigo 3.2º, que as prazas que nel se indican poderán ser cubertas mediante o correspondente concurso específico de méritos e polo prazo que se determine na convocatoria, as devanditas prazas deberán ser provistas a través dun concurso específico de méritos para a súa provisión mediante nomeamento temporal con reserva do posto de traballo de orixe e polo tempo que se estableza na correspondente convocatoria que, en ningún caso, poderá exceder en máis de seis anos.

Así mesmo, o artigo 5 do devandito decreto establece que poden cubrirse por este mesmo procedemento aquelas prazas que, segundo as previsións que contén o artigo 59 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de educación xeral do sistema educativo, favorezan as elaboracións de proxectos, innovacións curriculares, metodolóxicas, etc. entre as que existen prazas de recente implantación ou de difícil cobertura polo procedemento ordinario.

Sendo necesaria a provisión de distintas prazas por mor dos diversos convenios entre a Administración educativa e distintas institucións ou entidades a que

se refire o artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo, e outras incluídas no artigo 5 do devandito decreto, e tendo en conta a habilitación que figura na disposición derradeira primeira do mesmo decreto que autoriza a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria para ditar as disposicións que sexan precisas para a súa aplicación e desenvolvemento.

É polo que esta consellería de Educación e Ordenación Universitaria

**DISPÓN:**

Primeiro.-Convocar concurso público de méritos específico entre funcionarias/os de carreira dos corpos docentes que impartan ensinanzas de niveis non universitarios para adxudicar, en comisión de servizos, as prazas que figuran no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán participar nesta convocatoria as/os funcionarias/os de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non-universitarios, que se atopen en servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia no curso académico 2007-2008 e que estean en posesión do título de perfeccionamento en lingua galega ou do certificado de lingua galega 4 (Celga 4).

Enténdese tamén en situación de servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia o 31 de agosto de 2008 aquelas/aqueles docentes que, desde un destino definitivo da Comunidade Autónoma de Galicia, accederon a un posto docente no estranxeiro e que deben reincorporarse obrigatoriamente a esta comunidade no próximo curso académico.

Terceiro.-O prazo para a presentación de instancias para tomar parte nesta convocatoria, dirixidas ao